

# O día da lagosta





NATHANAEL WEST

# O día da lagosta

*Tradución de Carlos Valdés García*



Irmás Cartoné, 2016

Título orixinal: *The Day of the Locust*

Tradución: Carlos Valdés García

Ilustración de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-942570-9-4

Dep. Legal: C 544-2016



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, os tradutores e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

*Para Laura*



## I

Sobre a hora da saída, Tod Hackett sentiu un gran fragor na estrada de fóra da súa oficina. Os lamentos do coiro misturábanse co tintín do ferro e por riba de todo tamborilaba un milleiro de cascos. Buliu a asomarse á xanela.

Un exército de cabalaría e infantaría estaba a pasar. Móvase como unha multitude, as filas crebadas, como se fuxiran dalgunha terrible derrota. Os dolmans dos húsares, as pesadas barretinas dos gardas, a cabalaría lixeira hanoveriá, coas súas puchas planas de coiro e as súas oscilantes plumas vermellas, arremuiñábanse en axitada desorde. Detrás da cabalaría viña a infantaría, un mar picado de ondeantes *sabretaches*<sup>1</sup>, mosquetes inclinados, correaxes cruzados e cartucheiras sansanicas. Tod recoñeceu a infantaría escarlata de Inglaterra coas súas ombreiras brancas, a infantaría negra do duque de Brunswick, os granadeiros franceses coas súas enormes polainas brancas, a escocesa coas pernas espidas baixo as faldras de tartán.

Mentres el observaba, un homiño gordecho, que vestía un casquete de cortiza para o sol, polo e bombachos, dobrou a esquina do edificio perseguindo o exército.

---

1 Pequeno zurrón empregado tradicionalmente polos húsares que levaba bordado o símbolo do rexemento ao que pertencían. [N. do T.]

## Nathanael West

—Estudio nove, desgraciados, estudio nove! —berraba por un pequeno megáfono.

A cabalaría picoulles as esporas aos seus cabalos e a infantaría rompeu a trotar. O homiño do casquete de cortiza correu detrás deles, sacudindo o puño e maldicindo.

Tod observou até que desapareceron detrás de medio barco de vapor do Mississippi, despois recolleu os seus lapis e a súa mesa de debuxo e saíu da oficina. Diante do estudio detívose un momento, tentando decidir se ir andando para a casa ou coller o tranvía. Levaba en Hollywood menos de tres meses e aínda o atopaba un lugar moi excitante, pero era preguiceiro e non lle gustaba camiñar. Decidiu coller o tranvía até Vine Street e seguir a pé o resto do camiño.

Un olleiro de National Films trouxera a Tod para a costa despois de ver algúns dos seus deseños nunha exposición de obras de estudantes na facultade de Belas Artes de Yale. Contratárono cun telegrama. Se o olleiro coñecese a Tod, probablemente non o enviaría a Hollywood aprender deseño de figurinos. O seu corpo grande e sen garbo, os seus vagarosos ollos azuis e o seu sorriso descoidado facíano parecer carente de talento ningún, case estulto, de feito.

Pero, malia o seu aspecto, era un mozo verdadeiramente complicado con toda unha serie de personalidades, unhas dentro doutras como un xogo de caixas chinesas. E *A queima dos Ánxeles*, un cadro que estaba a piques de pintar, demostraría sen dúbida que tiña talento.

Baixou do tranvía en Vine Street. Mentres camiñaba, esculcaba o xentío da tarde. Unha boa cantidade de xente vestía roupa de *sport* que en realidade non era roupa de *sport*. Os



## *O día da lagosta*

seus suéters, bombachos, pantalóns amplos e chaquetas de flanela azul con botóns dourados eran todos disfraces. A señora gorda coa gorra de capitán ía de compras, non navegar; o home da chaqueta Norfolk e o chapeu tirolés non regresaba da montaña, senón dunha oficina de seguros, e a moza dos pantalóns e as deportivas cunha bandana na cabeza acababa de saír da central telefónica, non da pista de tenis.

Espallada entre aquela mascarada había xente doutro tipo. As súas roupas eran sombrías e de mala confección, compradas en empresas de venda por correo. Mentres os outros se movían rapidamente, entrando apurados en tendas e coctelaría, estes andaban á moina polas esquinas ou ficaban de costas aos escaparates dos comercios e axexaban a todo o que pasaba. Cando lles devolvían a mirada, os seus ollos enchíanse de odio. Daquela Tod sabía moi pouco deles, agás que viñeran morrer a California.

Tiña a intención de aprender moito máis. Eran a xente que sentía que debía pintar. Xa nunca máis volvería pintar un pallal grande e vermello, un vello muro de pedra ou un recho pescador de Nantucket. Desde o momento en que os viu, soubo que, malia a súa casta, formación e herdanza, nin Winslow Homer<sup>2</sup> nin Thomas Ryder<sup>3</sup> podían ser os seus mestres e volvérase cara a Goya e a Daumier<sup>4</sup>.

---

2 Winslow Homer (1836-1910), pintor norteamericano especializado en mariñas e paisaxes, encadrado na corrente do naturalismo e considerado mestre da pintura realista nos EE.UU. [N. do T.]

3 Thomas Ryder (1746-1810), gravador inglés famoso polos seus retratos e coñecido polo seu interese formal na composición. [N. do T.]

4 Honoré Daumier (1808-1879), pintor, caricaturista, gravador, debuxante e escultor francés que, recibindo influencias de Goya e pintores románticos e impresionistas franceses, soubo crear unha obra característica e imbricada no seu tempo. [N. do T.]

## Nathanael West

Entendera isto xusto a tempo. Durante o seu último ano na escola de arte, comezara a pensar que podía renunciar de todo a pintar. Os praceres que lle provocaban os problemas de composición e cor minguaran ao crecer a súa habilidade e decatárase de que ía polo mesmo camiño que todos os seus compañeiros, cara á ilustración ou a simple bonitura. Cando aparecera o choio de Hollywood, agarrouno malia os razoamentos dos seus amigos, que estaban seguros de que se estaba a vender e nunca máis volvería pintar.

Chegou ao final de Vine Street e comezou a subida do canón Pinyon. Xa empezara a caer a noiteña.

As beiras das árbores ardían cunha tenue luz violeta e os seus centros cambiaban paulatinamente do púrpura escuro ao negro. A mesma ardentía, como de tubo de neon, contornaba os cumes dos feos petoutos xibosos e case eran bonitos.

Mais nin sequera a suave augada do crepúsculo podía axudar ás casas. Só a dinamita podería servir para os ranchos mexicanos, as casoupas samoanas, as vilas mediterráneas, os templos exipcios e xaponeses, os chalés suízos, as casiñas de campo estilo Tudor e toda posible combinación deses estilos que enchían as ladeiras do canón.

Cando se decatara de que todas elas eran de estuco, listóns e papel, foi caritativo e botoulles a culpa das súas formas aos materiais. O aceiro, a pedra e o ladrillo coutan un pouco os antollos dos construtores, obrigándoos a distribuír as cargas e os pesos e a manter as esquinas verticais, mais o estuco e o papel non coñecen leis, nin sequera a da gravidade.

Na esquina de La Huerta Road había unha miniatura de castelo do Rin con torres de papel alcatranado furadas para

## *O día da lagosta*

os arqueiros. A carón dela había unha cabaniña moi colorida, con cúpulas e minaretas, saída de *As mil e unha noites*. De novo foi caritativo. Ambas dúas casas resultaban cómicas, pero el non fixo burla. O desexo das dúas de abraiar era demasiado ansioso e cándido.

É difícil rirse da necesidade de beleza e idilio, non importa o faltos de gusto ou incluso o horribles que sexan os resultados desa necesidade. Poucas cousas hai máis tristes que as verdadeiramente monstrosas.



## 2

A casa na que vivía era unha cousa insulsa chamada San Bernardino Arms. Era un rectángulo de tres andares cuxa parte de atrás e laterais eran de estuco espido e sen pintar, roto por ringleiras uniformes de xanelas sen adornos. A fachada era da cor da mostaza esluída e as súas xanelas, duplas todas elas, estaban enmarcadas por columnas mouriscas de cor rosa que sostiñan linteis con forma de nabo.

O seu cuarto estaba no terceiro andar, pero detívose un momento no relanzo do segundo. Era o andar no que vivía Faye Greener, no 208. Cando alguén riu nun dos apartamentos sobresaltouse pola culpa e continuou subindo.

Ao abrir a porta, unha tarxeta caeu ao chan.

### ABE KUSICH, O HONRADO

dicía en grandes caracteres, e debaixo, en cursivas máis pequenas, había varias citas de apoio, impresas á semellanza das noticias da prensa:

«... o Lloyds de Hollywod» — STANLEY ROSE

«A palabra de Abe vale máis que os bonos  
de Morgan» — GAIL BRENDAW

## Nathanael West

Na outra cara había unha mensaxe escrita a lapis: «Kingpin na cuarta, Solitair na sexta. Podes facer unha pasta con eses facos».

Despois de abrir a xanela, sacou a chaqueta e deitouse na cama. Pola xanela podía ver un cadrado de ceo esmaltado e unhas póliñas de eucalipto. Unha lixeira brisa remexía as súas follas largas e estreitas, facéndoas amosar primeiro o lado verde, despois o prateado.

Comezou a pensar en «Abe Kusich, o honrado» para non pensar en Faye Greener. Sentíase a gusto e quería seguir así.

Abe era una figura importante nunha serie de litografías chamada *Os bailaríns* na que Tod estaba a traballar. Era un dos bailaríns. Fay Greener era outra e o pai dela, Harry, outro máis. Cambiaban en cada prancha, pero o grupo de xente incómoda que formaba o seu público era sempre o mesmo. Ficaban mirando para os executantes do mesmo xeito en que miraban a mascarada de Vine Street. Era a súa mirada o que facía que Abe e os outros xirasen enloquecidos e choutasen no ar cos lombos retortos como unha troita no anzol.

Malia a sincera indignación que a grotesca perversidade de Abe espertaba nel, aledábase coa súa compañía. O homiño alterábase e desa forma facíao sentir seguro da súa necesidade de pintar.

Coñecera a Abe cando vivía en Ivar Street, nun hotel chamado Chateau Mirabella. Outro nome de Ivar Street era «Beco do Zotal», e no Chateau habitaban basicamente trapalleiros e os seus xefes, instrutores e asesores avanzados.

Pola mañá os seus corredores cheiraban a antiséptico. A Tod non lle gustaba ese cheiro. Ademais o alugueiro era alto

## *O día da lagosta*

porque incluía protección policial, servizo do que el non tiña necesidade. Quería mudarse, mais a inercia e o feito de que non sabía onde ir mantivérono no Chateau até que coñeceu a Abe. O encontro foi accidental.

Ía de camiño á súa habitación tarde unha noite cando viu o que supuxo que era unha morea de roupa sucia arbolada diante da porta de en fronte da súa. Xusto cando pasaba a carón del, o montón moveuse e fixo un ruído estraño. Acendeu un misto, pensando que sería un can enleado nunha saba. Cando a luz se avivou, viu que era un home diminuto.

O misto apagouse e acendeu outro ás présas. Era un anano envolto nun albornoz de flanela feminino. A cousa redonda do extremo era a súa cabeza levemente hidrocefálica. Unha arfada vagarosa e sufocada saía del.

No corredor ía frío e había corrente. Tod decidiu espertar ao home e tocouno coa punta do pé. Rosmou e abriu os ollos.

—Non debería durmir vostede aquí.

—Ai, non me diga —dixo o anano, volvendo cerrar os ollos.

—Vaino coller o frío.

Este amigable comentario anoxou aínda máis ao homiño.

—Quero a miña roupa! —berrou.

A regaña da porta á beira da que estaba deitado iluminouse. Tod decidiu arriscarse e petou. Uns segundos despois unha muller entreabriu.

—Que carallo quere? —preguntou.

—Hai aquí un amigo seu que...

Ningún deles o deixou terminar.

—E a min que me conta! —chiou ela, cerrando cun portazo.

—Dáme a miña roupa, pendanga! —bradou o anano.

Ela volveu abrir e comezou a chimpar cousas ao corredor. Unha chaqueta e uns pantalóns, unha camisa, calcetíns, zapatos e roupa interior, unha gravata e un chapeu seguíronse os uns aos outros polo ar en veloz sucesión. Con cada peza ía un insulto particular.

Tod asubiou con abraio.

—Vaia moza!

—A quen llo vai contar! —dixo o anano—. Éche ben salvaxiña... unha fulana dos pés á cachola.

Riu o seu propio chiste cunha gargallada rechiante máis propia dun anano que nada do que saíra del até entón, despois púxose en pé con esforzo e arrombou o albornoz para poder camiñar sen tropezar. Tod axudouno a recoller a roupa ciscada.

—Mire, señor —preguntou—, podería vestirme na súa casa?

Tod deixouno entrar no seu cuarto de baño. Mentres esperaba que reaparecese, non puido evitar imaxinar o que tería ocorrido no apartamento da muller. Comezou a lamentar a súa intervención. Pero cando o anano saíu co seu chapeu posto, Tod sentiuse mellor.

O chapeu do homiño arranxábao case todo. Aquel ano levábanse moito por Hollywood Boulevard os chapeus ti-



## *O día da lagosta*

roleses e o do anano era exemplar. Tiña a cor verde máxica adecuada e unha copa alta e cónica. Agás pola fibela de latón que lle faltaba na dianteira, polo demais era bastante perfecto.

O resto da súa indumentaria non cadraba ben co chapeu. No canto dos zapatos de punteiras afiadas e do mandil de coiro, levaba un traxe cruzado azul e unha camisa negra cunha gravata amarela. No canto do bastón de espiñeiro retorto, levaba unha copia enrolada do *Daily Running Horse*.

—Isto pásame por andarlle ao rabo a bestas sen aceal —dixo a modo de saúdo.

Tod asentiu e intentou concentrarse no chapeu verde. A súa aquiescencia pareceu alporizar ao homiño.

—Non hai pelella que poida facerlle a *figola* a Abe Kusich e liscar sen máis —dixo con rancor—. Non cando por vinte dólares podo facer que lle creben unha coxa e teño eses vinte aquí. —Sacou un feixe de billetes e abancouno ante Tod.

—E logo esa pensa que pode facerme a *figola*, ho? Ben, pois déixeme dicirlle...

Tod interrompeu de súpeto.

—Ten toda a razón, señor Kusich.

O anano achegouse a onde estaba sentado e por un instante Tod pensou que se lle ía subir ao colo, pero só preguntou o seu nome e déronse a man. O homiño apertaba con forza.

—Deixe que lle diga algo, Hackett, de non chegar vostede, tería feito anacos a porta. Esa señorita pensa que pode facerme a *figola*, mais agora ten outra cousa da que preocuparse. Pero grazas de todas formas.

—Non é nada.

—É, ho, é. E eu lembro. Lembro a quen me fai cochadas e a quen me fai favores.

Engurrou a sobrecella e ficou un momento en silencio.

—Mire —dixo por fin—, posto que vostede me axudou, teño que devolverlle o favor. Non quero que ninguén vaia por aí dicindo que Abe Kusich lle debe nada. Voulle dicir algo. Voulle dar unha boa para a quinta en Caliente. Póñalle aí nos beizos un de cinco e devolveralle un de vinte. O que lle digo é estritamente correcto.

Tod non soubo como responder e a súa vacilación ofendeu ao homiño.

—Soltaríalle eu unha alburgada? —preguntou coa fronte enrugada—. Faría eu iso?

Tod foi cara á porta para librarse del.

—Non —dixo.

—E logo por que non aposta, ho?

—Como se chama o cabalo? —preguntou Tod, coa esperanza de aplacalo.

O anano seguírao até a porta, arrastrando o albornoz por unha manga. Co chapeu e todo, ficaba un pé por debaixo do cinto de Tod.

—Tragopan. É gañador certo e seguro. Coñezo ao dono, pasoume el o aviso.

—É grego? —preguntou Tod.

*O día da lagosta*

Estaba sendo amable para disimular o intento que estaba a facer de manobrar co anano cara á porta.

—É grego, é. Coñéceo?

—Non.

—Non?

—Non —dixo Tod categórico.

—Manda carallo —exclamou o anano—, só quero saber como sabe vostede que é grego se non o coñece.

Entornou os ollos cun xeito de sospeita e apertou os puños.

Tod sorriu para acalmalo.

—Iso supoñía eu.

—Ai, si?

O anano corcovou os ombros como se fose tirar unha pistola ou soltar unha pancada. Tod recuou e intentou explicarse.

—Supuxen que era grego porque «tragopan» é unha palabra grega que significa faisán.

O anano seguía sen estar satisfeito.

—Como sabe o que significa? É vostede grego?

—Non, pero sei unhas poucas palabriñas gregas.

—Vaites!, é vostede un tipo listo, eh? Un sabichón.

Deu un pasiño cara adiante, camiñando sobre as puntas dos pés, e Tod dispúxose a bloquear a puñada.

—Un home estudado, eh? Ben, pois déixeme dicir...

O seu pé tropezou coa bata e caeu sobre as mans. Esqueceuse de Tod e maldiciu o albornoz, e despois comezou de novo a falar contra a muller.

—E logo esa pensa que pode facerme a *figola* —Dábase toques no peito cos polgares—. Quen lle deu corenta dólares para un aborto? Quen? E outros dez para ir ao campo a descansar daquela. A un rancho envieina. E quen a zafou das débedas en Santa Mónica a outra vez? Quen?

—Está ben —dixo Tod, preparándose para sacalo pola porta dun empurrón.

Pero non tivo que facelo. O homiño saíu disparado da habitación e seguiu polo corredor, arrastrando o albornoz atrás de si.

Poucos días despois, Tod entrou nunha papelería de Vine Street para mercar unha revista. Mentres examinaba o expositor, notou un tirón nos baixos da súa chaqueta. Era Abe Kuschich, o anano, outra vez.

—Como van as cousas? —preguntou.

Tod sorprendeuse de que fose tan hostil como fora a outra noite. Máis adiante, cando chegou a coñecelo mellor, descubriu que a belixerancia de Abe era a miúdo brincadeira. Cando a empregaba contra os seus amigos, estes xogaban con el como quen o fai cun cachorro rosmón, mantendo á raia os seus tolos arranques e despois provocándoo para que arrancase de novo.

—Bastante ben —dixo Tod—, pero creo que vou mudar de casa.

## *O día da lagosta*

Pasara a maior parte do domingo buscando un sitio para vivir e estaba saturado co tema. No momento en que o mencionou, porén, soubo que cometera un erro. Intentou poñerlle punto final dando a volta, pero o homiño bloqueouno. Era evidente que se consideraba un experto na problemática do aloxamento. Tras mencionar e descartar unha ducia de posibilidades sen unha palabra de Tod, deu con San Bernardino Arms.

—Ese é o lugar para vostede, o San Berdoo. Eu vivo alí, así que debería sabelo ben. A dona vén dereitiña da fame. Vamos, conseguireille un bo arranxo.


—Non sei eu... —comezou a dicir Tod.

O anano molestouse ao instante e semellaba estar mortalmente ofendido.

—Supoño que non é o bastante bo para vostede. Ben, déixeme dicirlle unha cousiña...

Tod deixouse amedrentar e foi co anano ao canón Pinyon. Os cuartos no San Berdoo eran pequenos e non estaban moi limpos. Porén, alugou un sen dubidalo en canto viu a Faye Greener no corredor.





ESTE LIBRO ENTROU NO  
PRELO O 11 DE ABRIL DE 2016

